

PRIMEIRO.- Avocar temporalmente as competencias que lle foron atribuídas, en virtude do Decreto número 12010330, do 27 de novembro, ao Titular da Área de Servizos Xerais e Modernización Administrativa, don Francisco José Fraga López.

SEGUNDO.- Dentro das competencias avocadas, exclúense as correspondentes ao Arquivo e Mercados que pasarán a incluírse dentro das atribuídas ao Primeiro Tenente de Alcalde, don Luis Manuel Álvarez Martínez e á Segunda Tenenta de Alcalde, dona Sonia Méndez García, respectivamente.

Cúmprase.”

R. 1331

Anuncio

Este Concello comunícalle a exposición pública da matrícula do IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, correspondente ó exercicio 2013, elaborada pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, conforme dispón ó artigo 91 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais e ó artigo 3 do RD 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas.

A matrícula, constituída polos censos comprensivos de tódolos suxeitos pasivos que exerzan actividades económicas suxeitas ó IAE, (exentos e non exentos) estará a disposición das persoas interesadas, durante o prazo de 15 días que comezará a contar dende o día inmediato seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Servicio de Facenda Local, situado na Rda. Muralla, 197, 2º andar, en horario de oficina (9:00 a 14:00 horas). Así mesmo, a dita matrícula inclúe as cotas provinciais e nacionais cando o enderezo fiscal do suxeito pasivo corresponda a este Concello.

Advertese que a inclusión dun suxeito pasivo na matrícula, así como a exclusión ou alteración de calquera dos datos ós que esta se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpoñer, no prazo de 15 días que comezará a contar dende o día seguinte ó do término do período de exposición pública da matrícula, recurso de reposición ante o Delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de Lugo competente por razón do territorio, ou reclamación ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional no mesmo prazo, sen que poidan simultanearse ámbolos dous recursos (art. 91 do RD Lexislativo 2/2004, do 05/03, e 4 do Real Decreto 243/1995, do 17 de febreiro).

Lugo, 8 de abril de 2013.- O ALCALDE, P.S. O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO Acordo X.G.L.11/47 do 31-1-13 e Decreto 13000897 do 5-2-13 Luis Manuel Álvarez Martínez

R. 1332

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 7 de marzo de 2013 aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN, APERTURA E VIXIANCIA PARA A EXECUCIÓN DE ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES NO AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE, ASÍ COMO DOS SERVIZOS DE PRODUCCIÓN NO MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO (MIHL) E DE ACTIVIDADES NA RÚA E OUTROS LUGARES ORGANIZADOS POLA CONCELLERÍA DE CULTURA DO CONCELLO DE LUGO por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: Prestación do servizo de produción, apertura e vixiancia necesarios para o desenvolvemento de espectáculos e actividades culturais que a Concellería de Cultura programe na rúa, no Auditorio Gustavo Freire e no MIHL.

b) Prazo de execución: Será de DOUS ANOS a contar dende a data de formalización do contrato podendo prorrogarse por períodos máximos anuais ata un total de catro anos incluídas as prórrogas.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimento: aberto

4.- Tipo de licitación.

O valor estimado do contrato tendo en conta a duración do contrato e as posibles prórrogas ascende a 396.363,64 euros

O prezo para a primeira anualidade do contrato ascende a 119.900 euros, IVE incluído.

5.- Garantías:

a) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6.- Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servicio de Contratación e Patrimonio

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-86

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servicios: pertil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nos pregos de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Centro de Servicios Municipales

b) **Domicilio:** Ronda Muralla 197- 3ª planta

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 146,38 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 5 de abril de 2013.- O ALCALDE, P.D. O TENENTA ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO, Luis Manuel Álvarez Martínez

R. 1378

MONTERROSO

Anuncio

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria celebrada o 31/01/13 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de Centro de Día do Concello de Monterroso. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 14 de febreiro sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

“Artigo 5.- Cotas.

Epígrafe 1.- Asistencia ó Centro de Día.

RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR COTA A ABOAR

UNIDADE FAMILIAR DE UN MEMBRO

<= 364,90	100,15 €/MES
364,91-425,01	140,20 €/MES
425,02-485,12	180,25 €/MES